

O Equipo da Biblioteca xunto co Equipo de Dinamización Lingüística e Vicedirección convocan o Concurso de microrrelatos de terror do IES Breamo.

BASES

- ✓ Pode participar todo o alumnado do centro e persoal docente e non docente. A participación é a título individual. Non se admitirán traballos colectivos.
- ✓ Os textos terán unha extensión máxima de 500 palabras e estarán escritos en lingua galega, castelá, francesa ou inglesa.
- ✓ O espazo en que se desenvolverá a historia será: o instituto, o monte Breamo, o cemiterio ou as Fragas do Eume.
- ✓ Os microrrelatos deberán entregarse nun sobre grande pechado, estar identificados cun título e asinados cun pseudónimo; a identidade do autor (nome e apelidos, grupo e correo electrónico) incluírase noutro sobre pechado que se adxuntará dentro do 1º. Poderán depositarse nunhas caixas que se habilitarán na biblioteca e en vicedirección.
- ✓ A data límite de presentación de relatos será o mércores 30 de outubro de 2024, ás 14:10 h.



PREMIOS

Establécense tres categorías:

- Alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO
- Alumnos de 4º de ESO e 1º e 2º de Bacharelato.
- Adultos

XURADO

Estará formado por un representante do Equipo da Biblioteca, a vicedirectora, dous profesores e dous alumnos.

Toda decisión do xurado será irrevogable, podendo declarar o premio deserto se, tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, os relatos presentados non tivesen a calidade suficiente.

RESOLUCIÓN

- O xurado dará a coñecer o resultado o venres 8 de novembro no segundo recreo na Biblioteca.
- Os traballos premiados e mais o nome do autor/a serán publicados no blog da Biblioteca e na web e no Instagram do centro. E no programa especial de radio que se fará nas seguintes semanas, incluírase a lectura dramatizada dos textos gañadores.